INFORME SOBRE PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO (Expediente MAO3-2024-013-M)

ANTECEDENTES

Único.- Solicitude de informe

Esta dirección xeral recibe escrito da xefa do Servizo Xurídico-Administrativo (por ausencia do Director do Departamento de Xestión Xurídico-Administrativo) do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, solicitando informe sobre a modificación da relación de postos de traballo do organismo.

Entre a documentación remitida figura a seguinte:

- Memorias económicas e funcionais
- Anexos de postos e equivalencias
- Acta de negociación coas organizacións sindicais celebrada o 14.10.2024

Posteriormente achegaron memoria funcional e económica de postos da escala de técnicos especialistas en reprodución cartográfica.

Constan no expediente informes da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, de datas 30.10.2024 e 27.01.2025, de conformidade co disposto no artigo 14.2.C.c) do *Decreto 141/2024, do 27 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública* (DOG núm. 101, do 27/05/2024).

Unha vez analizada a documentación e de conformidade co establecido no artigo 13.2.o) do Decreto 141/2024, do 27 de maio, esta Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal emite o seguinte,

Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal
xunta.gal/funcion-publica

CVE: oF06zQqVkHs2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

INFORME

Primeiro. Estrutura orgánica da Xunta de Galicia

O Decreto 42/2024, do 14 de abril, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril) tendo en conta os criterios de eficacia e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa. Este decreto establece que a Xunta de Galicia estará integrada polas seguintes vicepresidencias e consellerías:

- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- ***Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.***
- Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
- Consellería de Política Social e Igualdade.
- Consellería de Economía e Industria.
- Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.
- Consellería de Sanidade.
- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
- Consellería do Medio Rural.
- Consellería do Mar.

Segundo. Estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia

O Decreto 49/2024, do 22 de abril, fixou a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 81, do 24 de abril).

Este decreto, no seu artigo 2, establece que a **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático** estrutúrase nos seguintes órganos de dirección:

1. Secretaría Xeral Técnica.
2. Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático.
3. Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.
4. Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Quedan **adscritos** á consellería:

1. A entidade pública empresarial Augas de Galicia.
2. ***O organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio.***

Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal
xunta.gal/funcion-publica

CVE: oF06zQqVkHs2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Terceiro. O organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio.

O organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio foi **creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia**, como organismo autónomo de carácter administrativo que ten por obxecto a análise, estudo e asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio. Para o cumprimento dos seus fins dispón de patrimonio propio e goza de **personalidade xurídica propia**, autonomía funcional e plena capacidade de obrar.

Por Decreto 244/2011 do 29 de decembro, **aprobáronse os estatutos** do organismo (Dog nº 1 do 2 de xaneiro de 2012), de conformidade co disposto na disposición transitoria terceira da Lei 16 /2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. **Entrou en funcionamento o 7 de abril de 2012**, data fixada por orde do 4 de abril de 2012 (DOG núm 68 do 10 de abril).

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia modificou as funcións do organismo autónomo recollidas no artigo 10 da Lei 6/2007, do 11 de maio.

O Decreto 104/2023, do 29 de xuño, modificou o Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio (IET).

O organismo autónomo estrutúrase do seguinte xeito:

- **Órganos de goberno**
  - A Presidencia
  - O Consello Reitor
- **Órganos executivos**
  - A Dirección
- **Estrutura administrativa**
  - Departamento de Xestión Xurídico-Administrativa
  - Departamento de Xestión Xurídico-Administrativa, que contará cos seguintes servizos:
    - Servizo de Xestión
    - Servizo Xurídico-Administrativo
  - Departamento Técnico de Estudos, que contará cos seguintes servizos:
    - Servizo de Estudos

Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal
xunta.gal/funcion-publica

CVE: oF06zQqVkHs2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Servizo de Coordinación e Información Territorial
- Servizo de Planificación da Paisaxe
- Servizo de Coordinación e Fomento dos valores paisaxísticos

Cuarto. Obxecto do informe

O obxecto do presente informe é a modificación da relación de postos de traballo do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio coa finalidade maiormente, e segundo recollen na memoria funcional, de reforzar a súa estrutura debido ao desenvolvemento de novos programas e proxectos no ámbito das súas competencias tal e como se reflicte no *Decreto 104/2023, do 29 de xuño, polo que se modifica o Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio*:

- **Cuarto.1 Creacións de postos na estructura administrativa do Departamento Técnico de Estudos**
  - Creación dun posto de **Xefe/a do Servizo de Coordinación e Fomento dos Valores Paisaxísticos**. (Órgano creado polo Decreto 104/2023, do 29 de xuño, polo que se modifica o Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio (IET)).
  - Creación posto de **Xefe/a de Sección de Produción Información Cartográfica** no Servizo de Coordinación e Información Territorial
  - Creación dun posto de **Xefe/a de Sección de Estudos**, no Servizo de Estudos
- **Cuarto.2 Creación de 5 postos do corpo de axudantes de caráter facultativo, escala de técnicos especialistas en reprodución cartográfica, subgrupo C1**, de Administración especial da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (Escala creada pola Lei 5/2022, do 21 de decembro, de medidas urxentes para a reducción da temporalidade no Emprego Público da Comunidade Autónoma de Galicia)

  Estes postos **están afectados** polo *DECRETO 79/2022, do 25 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e de prazas de persoal laboral obxecto de funcionarización, de conformidade coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia* (DOG núm 102 do 30 de maio)

  A creación destes 5 postos, dado o seu carácter urxente por estaren afectados pola indicada oferta de Emprego público extraordinaria, non conta coa negociación

Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal
xunta.gal/funcion-publica

CVE: oF06zQqVkHs2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

previa coas organizacións sindicais. Non obstante esta negociación **debe de levarse a cabo, en todo caso, na mesa de negociación correspondente e con carácter previo á comisión de persoal.**

- **Cuarto.3 Modificacións**
  - Eliminan a titulación de Licenciado/a Grao en Dereito a un posto de traballo engadíndoa como mérito
- **Cuarto.4 Amortización de varios postos de traballo vacantes de RPT e de cadro de persoal do IET**

Esta modificación preséntase como unha modificación parcial pero que, por razóns de eficacia e operatividade, **estímase máis axeitada unha publicación completa**, e non parcial da mesma, de tal xeito que figuran postos cuxas clasificacións foron aprobadas en modificacións anteriores.

Resaltar que, segundo o recollido no artigo 30.2 dos estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, a "*aprobación e modificación da proposta de relación de postos de traballo do Instituto de Estudos do Territorio* ***serán acordadas polo Consello Reitor****, a proposta da Dirección, previo informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública e estará sometida na súa tramitación á normativa xeral establecida na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia sobre modificacións ou aprobación destes instrumentos de planificación de persoal*".

Quinto. Creacións, modificación e amortizacións

- **Quinto.1** Propoñen a creación dos seguintes 8 postos de traballo:

CENTRO DE DESTINO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBG. (F. PROVISIÓN)	CORPO/ ESCALA (ÁREA FUNC.)	ADSCRICIÓN ADMÓN. PÚBLICA	FORMAC. ESPECÍFICA
DEPARTAMENTO TÉCNICO DE ESTUDOS	**XEFATURA DE SERVIZO DE COORDINACIÓN E FOMENTO DOS VALORES PAISAXÍSTICOS** MA03100002157700035	28	A1-A2 (CE)	XERAL	AXG	502
DEPARTAMENTO TÉCNICO DE ESTUDOS ○ **SERVIZO DE CORDINACIÓN E INFORMACIÓN TERRITORIAL**	**XEFATURA DE SECCIÓN DE PRODUCIÓN INFORMACIÓN CARTOGRÁFICA** MAO310000215770022	25	A1-A2-C1 (C)	XERAL	AXG	468,469,471, 486,490,513, 571,578,579, 581

Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal
xunta.gal/funcion-publica

CVE: oF06zQqVkHs2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CENTRO DE DESTINO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBG. (F. PROVISIÓN)	CORPO/ ESCALA (ÁREA FUNC.)	ADSCRICIÓN ADMÓN. PÚBLICA	FORMAC. ESPECÍFICA
DEPARTAMENTO TÉCNICO DE ESTUDOS ○ **SERVIZO DE ESTUDOS**	**XEFATURA DE SECCIÓN DE ESTUDOS** MAO310000215770012	25	A1-A2-C1 (C)	XERAL	AXG	472,502,506, 513,578,579, 580
INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	**POSTO BASE SUBGRUPO C1** MAO310000015770165	14	C1 (C)	ECRC	AXG	578-580
INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	**POSTO BASE SUBGRUPO C1** MAO310000015770166	14	C1 (C)	ECRC	AXG	578-580
INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	**POSTO BASE SUBGRUPO C1** MAO310000015770167	14	C1 (C)	ECRC	AXG	578-580
INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	**POSTO BASE SUBGRUPO C1** MAO310000015770168	14	C1 (C)	ECRC	AXG	578-580
INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	**POSTO BASE SUBGRUPO C1** MAO310000015770170	14	C1 (C)	ECRC	AXG	578-580

CÓDIGOS-DESCRICIÓNS

C: CONCURSO
CE: CONCURSO ESPECÍFICO
ECRC: ESPECIAL (ESC. TÉCNICA ESPECIALISTAS EN REPRODUCIÓN CARTOGRÁFICA)XUR
AXG: ADSCRICIÓN EXCLUSIVA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA
469 ENXEÑERÍA TÉCNICA TOPOGRÁFICA (MÉRITO).
471 LIC./GRAO XEOLOXÍA (MÉRITO).
472 LIC./GRAO BIOLOXÍA (MÉRITO).
486 LIC./GRAO EN MATEMÁTICAS (MÉRITO).
490 ENXEÑERÍA DE TELECOMUNICACIÓNS (MÉRITO).
501 LIC./GRAO DEREITO (MÉRITO)
502 ARQUITECTO (MÉRITO)
506 LIC./GRAO EN ECONÓMICAS/EMPRESARIAIS (MÉRITO).
513 LIC./GRAO XEOGRAFÍA (MÉRITO).
468 GRAO EN ENXEÑERÍA XEOMÁTICA E TOPOGRÁFICA (MÉRITO)
571 COÑECEMENTOS NO MANEXO E CONFIGURACIÓN DAS APLICACIÓNS DE XESTIÓN DE DATOS ESPACIAIS E XEOGRÁFICOS (MÉRITO).
578 COÑECEMENTOS EN EDICIÓN CARTOGRÁFICA E FOTOGRAMÉTRICA (MÉRITO).
579 COÑECEMENTOS EN XESTIÓN E PRODUCIÓN DA INFORMACIÓN XEOGRÁFICA (MÉRITO).
580 COÑECEMENTOS DE SISTEMAS DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA (MÉRITO).
581 COÑECEMENTOS EN TRABALLOS CARTOGRÁFICOS DAS DINÁMICAS DA OCUPACIÓN DO SOLO (MÉRITO).

A clasificación completa e detallada dos postos figura no anexo a este informe

Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal
xunta.gal/funcion-publica

CVE: oF06zQqVkHs2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Quinto.2 Propoñen a modificación do seguinte posto de traballo:

CENTRO DE DESTINO	POSTO	SUBG NIVEL (F. PROV)	CORPO/ ESCALA ADMÓN (ÁREA FUNC.)	TITULACIÓN E FORMAC. ESPECÍF. (ANTERIOR)	TITULACIÓN E FORMAC. ESPECÍF. (NOVO)
DEPARTAMENTO DE XESTIÓN XURÍDICO-ADMINISTRATIVA	**XEFATURA DE SERVIZO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO** MA0310000115770020	A1-A2 28 (CE)	XERAL AXG (XUR)	**Titulación: 2062**	**Formación específica: 501**

CÓDIGOS-DESCRICIÓNS

2062 Licenciado/a-Grao en Dereito (Requisito Indispensable)
501 Licenciado/a-Grao en Dereito (mérito)
XUR Técnico-Xurídica

A xustificación deste cambio deriva, segundo recollen na memoria funcional, a que as funcións deste posto non son únicamente de carácter Xurídico, senón que tamén son de carácter administrativo, de ahí a eliminación do requisito da licenciatura/grao en dereito e a súa inclusión como mérito.

- **Quinto.3** Para a financiación da presente modificación de RPT propoñen a amortización dos seguintes postos de traballo vacantes:

POSTO	SUBG. NIVEL	NOTAS
Posto base subgrupo C2 MAO310000015770030	C2 12	Posto coa dotación suprimida para o financiamento do Decreto 104/2023 de modificación dos estatutos do IET (DOG núm. 128 do 06/07/23)
Posto base subgrupo C2 MAO310000015770031	C2 12	Posto coa dotación suprimida para o financiamento do Decreto 104/2023 de modificación dos estatutos do IET (DOG núm. 128 do 06/07/23)
Posto base subgrupo A1 MAO310000015770104	A1 20	---
Secretario/a do/a director/a do Departamento MAO310000115770003	C1-C2 16	---
Xefatura de grupo MAO310000115770006	C1-C2 14	Posto coa dotación suprimida para o financiamento do Decreto 104/2023 de modificación dos estatutos do IET (DOG núm. 128 do 06/07/23)

- **Quinto.4** Para a financiación da presente modificación de RPT amortízanse os seguintes postos de traballo vacantes do cadro de persoal do IET:

POSTO	SUBG. NIVEL	NOTAS
Titulado/a grao medio MAO319999915770130	II-17	
TÉCNICO/A ESPECIALISTA EN INFORMÁTICA MAO319999915770165	III-91	Posto ocupado, segundo recollen na memoria funcional, por persoal laboral indefinido no fixo

CVE: oF06zQqVkHs2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

POSTO	SUBG. NIVEL	NOTAS
TÉCNICO/A ESPECIALISTA EN INFORMÁTICA MAO319999915770166	III-91	Posto ocupado, segundo recollen na memoria funcional, por persoal laboral indefinido no fixo
TÉCNICO/A ESPECIALISTA EN INFORMÁTICA MAO319999915770167	III-91	Posto ocupado, segundo recollen na memoria funcional, por persoal laboral indefinido no fixo
TÉCNICO/A ESPECIALISTA EN INFORMÁTICA MAO319999915770168	III-91	Posto ocupado, segundo recollen na memoria funcional, por persoal laboral indefinido no fixo
TÉCNICO/A ESPECIALISTA EN INFORMÁTICA MAO319999915770170	III-91	Posto ocupado, segundo recollen na memoria funcional, por persoal laboral indefinido no fixo

Conclusión

De conformidade co exposto, e consideradas as xustificacións organizativas e funcionais contidas na proposta, esta dirección xeral **INFORMA FAVORABLEMENTE** a proposta de modificación da relación de postos de traballo do ***organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio,*** procedendo a sometela ao preceptivo informe da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico.

Este informe favorable **está condicionado a que esta proposta sexa acordada polo Consello Reitor**, a proposta da Dirección, *"previo informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública*".

Incorporamos a este informe o anexo de RPT.

A directora xeral de Emprego Público e Administración de Persoal.
Nuria Aguilar Vázquez

Asinado por: AGUILAR VAZQUEZ, NURIA
Cargo: Directora Xeral de Emprego Publico e Administracion de Persoal
Data e hora: 29/01/2025 17:03:13

Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal
xunta.gal/funcion-publica

CVE: oF06zQqVkHs2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve